



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Intervención Xeral e Xestión Económica-Financeira. Serv. de Orzamentos, Est. e Asist. Econ. Sección 1

*Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Laxe (Plan Premadecor).*

#### ANUNCIO

O Pleno da Corporación da Deputación Provincial da Coruña, na sesión plenaria celebrada o día 22 de decembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Laxe, adoptado na sesión plenaria do 29 de setembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Coruña, 23 de decembro de 2022.

O presidente,

Valentín González Formoso

O secretario accidental,

Miguel Iglesias Martínez

2022/8362